

## ACTA NÚM. 13/13

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 11 DE DECEMBRO DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinte horas do día once de decembro de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

##### Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

##### Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abraldes

D. Roberto Rivas Reboredo.

D.<sup>a</sup> María Xesús Castro Calviño

##### Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. M<sup>a</sup> Margarita Canay Pintos.

##### Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Non asisten e presentan excusa: Dna. Rosa Varela Magariños e D. Manuel Fontán Outón.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
- 2.- ORDENANZA DA TAXA DO MERCADILLO.
- 3.- REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

##### **1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-**

Dada conta da acta de data 28-11-2013 non se plantexan observacións a mesma aprobándose por unanimidade .

##### **2.- ORDENANZA DA TAXA DO MERCADILLO.**

Dase conta do expediente tramitado no que constan os antecedentes que se detallan a seguir:

Aprobación inicial da ordenanza da tasa en sesión plenaria de data 26-09-2013.

Presentación das seguintes alegacións:

- Alegación presentada pola Asociación de Empresarios e Comerciantes Ambulantes de Galicia (CIF G27722248) de data 25-11-2013, recurrido/impugnando os artigos 3, 5, 6 e 9 da ordenanza fiscal.
- Alegación da Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos de data 14-11-13 na que reclama a substitución da redacción do art. 9.2 proponendo o ingreso trimestral por adiantado e o art. 9.3 proponendo a súa supresión baseándose na súa postura contraria á privatización.
- Alegación presentada pola Asociación do Pobo Xitano de Galicia (CIF G36919694) de data 23-11-13, recurrido o art. 5 e 6 das ordenanzas da tasa.

Sr. Fernández Abraldes, sinala que considera que a mellor opción sería a xestión directa.

Sr. Sanmartín Soto, considera que nas alegacións presentadas queda claramente diferenciado o plantexamento da asociación que pretende a desregulación do funcionamento do mercadillo e cuestiona incluso o control do cobro da taxa polos usuarios e o plantexamento da asociación que para maior garantía pide a xestión directa polo concello.

O Sr. Alcalde, propón manter a redacción inicial do texto da ordenanza tendo en conta que na regulación prevista na mesma garante os dereitos dos usuarios do mercado e permite o cobro da tasa evitando o absentismo dos titulares dos postos.

O Asunto foi dictaminado en comisión informativa de asuntos do pleno de data 11-12-2013.

Considerando, que a regulación prevista na ordenanza da tasa non impide a xestión directa do mercado polo concello.

Considerando, que a ordenanza leva a cabo unha regulación dacordo coa normativa vixente e que as pretensións de recurrir os art. 3, 5, 6 e 9 suporía deixar sin regulación o cobro pola instalación de postos no mercado.

**Sometido o asunto a votación acordase por maioría absoluta con 7 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, M. Rivas Reboredo, Iglesias González, Sr. Alcalde (P.P.) e Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, e R. Rivas Reboredo (BNG); e 2 en contra: Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):**

**Primeiro.-** Desestimar as alegacións presentadas pola Asociación de Empresarios e Comerciantes Ambulantes de Galicia (CIF G27722248) de data 25.11.2013, e da Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos de data 14/11/13.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o texto da ordenanza que se transcribe.

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON POSTOS DE VENDA AMBULANTE NO MERCADO MUNICIPAL DE BARRO**

**ARTIGO 1.— NATUREZA E FUNDAMENTO**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal,

**ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa pola ocupación de vía pública e espazos públicos con postos de venda no mercadillo municipal

**ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos da taxa regulada na presente ordenanza os titulares dos postos do mercadillo con independencia da tipoloxía dos produtos ofertados no posto do que sexan titulares

**ARTIGO 4.—RESPONSABLES**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

**ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE**

A base imponible desta taxa, virá determinada polos metros lineais de espazo público ocupado.

**ARTIGO 6.—COTA TRIBUTARÍA**

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será o resultado de aplicar á base imponible total o importe de dous euros/ metro lineal

**ARTIGO 7.—BENEFICIOS FISCAIS**

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos en normas con rango de lei ou que deriven de tratados ou acordos internacionais.

**ARTIGO 8.—DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.**

A taxa devéngase dende que se inicia a prestación do servizo, e deberá facerse efectiva de acordo coas normas de xestión.

**ARTIGO 9.—NORMAS DE XESTIÓN**

1. En canto ao acceso ao servizo, á documentación a aportar e ao prazo de presentación de solicitudes, estarase ao disposto no Regulamento da venda ambulante do concello.

2. Para manter o dereito do exercicio da actividade no mercadillo esixirase o abono de alomenos dous días de mercadillo por mes.

3. O cobro do importe da taxa ós vendedores ambulantes realizarase polo adxudicatario do contrato.

#### **ARTIGO 10.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

As infraccións e sancións rexeranse pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

#### **Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo, e publicado o texto íntegro da mesma, no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación”.

**Terceiro.-** Publicación do texto da Ordenanza no B.O.P

### **3.- REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE**

\_\_\_\_\_Dase conta do expediente tramitado no que constan os antecedentes que se detallan a seguir:

Aprobación inicial da ordenanza en sesión plenaria de data 26-09-2013.

Presentación da seguintes alegacións:

- Alegación presentada pola Asociación de Empresarios e Comerciantes Ambulantes de Galicia (CIF G27722248) de data 25-11-2013, recurrido todo o regulamento de venda ambulante no Concello de Barro e especialmente nos seguintes puntos:

Capítulo II - Artigos 7 e 9.

Capítulo III - Artigos 13, 16 e 25.

Capítulo IV - Na súa totalidade.

e solicita a modificación de outros artigos.

-Alegación presentada pola Asociación do Pobo Xitano de Galicia (CIF G36919694) de data 23-11-13, recurrido o Regulamento de venda ambulante no Concello de Barro en base o desacordo coa regulación recollida no regulamento e en especial os art. 7, 9,13, 16 e 25 sin concretar redacción alternativa.

- Alegación da Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos de data 14-11-13 no que plantexa a xestión directa do servizo polo concello, un tamaño máximo de posto de 12 m.l. e que as licencias sexan transferibles e o pago trimestral por adiantado.

Polo Sr. Alcalde sinalase que as alegacións presentadas tratan de desregular o funcionamento do mercado para deixalo o libre albedrío e arbitrariedade dos encargados do mesmo.

Sr. Fernandez Abraldes, defende a prioridade da regulación detallada e o control do mercado polo concello

Sr.Sanmartín Soto, mostra o seu apoio a alegación que defende a xestión directa do mercado fronte a privatización do mesmo e no caso de que non se estime a mesma anuncia o seu voto en contra.

O Asunto foi dictaminado en comisión informativa de asuntos do pleno de data 11-12-2013.

Considerando, que as alegacións presentadas plantexan a desregulación do mercado en contra do previsto na lexislación sobre réxime local e na lexislación sectorial vixente.

Considerando, que a previsión de regulación dos supostos e de prestación do servizo mediante concesión non impide a posibilidade de xestión directa polo concello.

Considerando, que a regulación detallada do mercado trata de lograr unha xestión acorde cos intereses dos comerciantes e o exercicio das competencias municipais na materia.

Considerando, o establecido nos art. 70 a 78 da Lei 13/2010 de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia

**Sometido o asunto a votación acordase por maioría absoluta con 7 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, M. Rivas Reboredo, Iglesias González, Sr. Alcalde (P.P.) e Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, e R. Rivas Reboredo (BNG); e 2 en contra: Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):**

**Primeiro.-** Estimar a alegación presentada pola Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos incorporando unha letra j) “non colocar no posto en sitio visible ó público a tarxeta identificativa de venda ambulante do Concello de Barro” no art. 26, apartado de faltas moi graves.

**Segundo.-** Desestimar as alegacións presentadas pola Asociación de Empresarios e Comerciantes Ambulantes de Galicia, Asociación do Pobo Xitano de Galicia e as restantes alegacións presentadas pola Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos

**Terceiro.-** Aprobación definitiva do texto do Regulamento que se transcribe.

## **REGULAMENTO DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE BARRO**

### **CAPÍTULO I** *Disposicións xerais*

#### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito.**

O presente regulamento ten por obxecto a regulación e ordenación do exercicio da venda ambulante no termo municipal do concello, nos espazos ou localizacións e modalidades referidos no mesmo, así como o réxime sancionador aplicable ao respecto.

#### **Artigo 2.- Marco normativo.**

A venda ambulante regularase, ademais do disposto neste regulamento, polo establecido na Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, e en especial os regulamentos técnico-sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto, así como a Lei 14/1986 de 5 de abril, Xeral de Sanidade, e demais normativa que lle sexa de aplicación.

### **Artigo 3. - Competencia.**

Correspóndelle ó Concello, dentro do seu termo municipal, sen prexuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o uso do espazo público no seu territorio de ordenación, así como a execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio dos mercados, nos que se desenvolven actividades de venda ambulante, o cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas, e facer cumprir este regulamento.

### **Artigo 4.- Venda ambulante. Definición.**

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados do termo municipal, en instalacións desmontables ou transportables, incluídos os camións tenda.

A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

### **Artigo 5.-Modalidades de venda ambulante.**

1.- A venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades previstas no art. 71 da lei 13/2010:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: e aquela autorizada nos mercados situados en poboacións en lugares e espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida.

Dentro deste puntos están encadradas entre outras, as realizadas en feiras, mercados e chambos.

b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c) Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

e) Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

### **Artigo 6.-Das obrigas na venda e organización do mercado.**

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade coa normativa vixente na materia do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán ante a administración competente en cada caso, de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

O adxudicatario da xestión do mercado deberá cumprir no exercicio da súa actividade co establecido no prego de cláusulas no contrato a na normativa vixente

## **CAPÍTULO II**

### *Da venda ambulante*

### **Artigo 7.- Lugar, data e horario .**

Os postos de venda ambulante autorizados polo Concello instalaranse no mercado que se celebrará según se detalla:

Emplazamento: rúa do Pazo e rúa Carrasqueira no no núcleo urbano do lugar de Santo Antoniño, parroquia de Perdecanaí.

Datas: todos os domingos do ano

Horario: 15:00 a 21:00

### **Artigo 8.- Causas de alteración da celebración do mercado.**

O Concello, por causa de interés xeral, e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións deste regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión, sin que elo de lugar a indemnización algunha.

#### **Artigo 9.-Asentamento dos postos e deber de posuir licenza.**

En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarúas, e espazos que estorben o paso a locais comerciais, industriais e profesionais, en accesos a edificios e garaxes públicos ou privados, nin en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos, nin nos espacios reservados para evacuación.

Establecese un tamaño máximo de 4 metros lineais por posto que so poderá ser ampliado temporalmente e en precario no caso de disponibilidae de espacio sin ocupar por ser o numero de solicitudes e lonxitude a ocupar inferior ó espacio disponible para o mercado.

Tendo as licenzas a consideración de seren outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercizo de calquera actividade ou comercio en espazo público ou na vía pública sen licenzia municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados.

No caso do paragrafo anterior, os interesados poderan recuperar os elementos e merdadurias retirados previo abono do importe dos costes de traslado, almacenamento e custodia.

Os vendedores terán visible a licenza polo que presumirase que tal licenza non existe de non presentar a mesma no momento de ser esixída polo persoal do Concello ou persoal encargado do mercado.

#### **Artigo 11.- Productos autorizados**

Só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados e que polas suas características non precisen un réxime de envasado conservación e almacenamento en establecemento pechado.

De xeito excepcionais poderá autorizarse a venda dos produtos perecedeiros cando se dispoña de instalacións axeitadas para garantir a sua conservación ou cos produtos debidamente identificados e envasados, reunindo as condicións de hixiene, sanidade, calidade e seguridade alimentaria, estipuladas nas disposicións vixentes.

Os agricultores e gandeiros poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas, leite envasado sen serlles esixible estar de alta no epigrafe específico de venda fora de establecemento a efectos do Imposto de Actividades Económicas, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio (excedente de produción) que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fora de temporada). A administración municipal esixirá a alta no imposto de actividades económicas e afiliación a Seguridade Social cando os produtos do campo non proveñan dunha explotación agrícola destinada o consumo familiar, por considerarse o vendedor como un intermediario.

#### **Artigo 12.- Productos prohibidos.**

Queda prohibida a venda de produtos que non cumplan coa normativa vixente e poidan supoñer un risco para a saúde a a seguridade das persoas.

### **CAPÍTULO III** *Procedemento*

#### **Artigo 13.- Requisitos para o exercizo da venda ambulante.**

1. - A venda ambulante soamente poderá efectuarse nos lugares ou emprazamentos autorizados, nas datas e polo tempo que igualmente se determine e respecto dos produtos que, non tendo prohibida a súa venda baixo este réxime.

2.- Para o exercicio da venda ambulante esíxese o cumprimento dos seguintes requisitos (art.72.2) :

- a) Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, de ser o caso, no imposto de actividades económicas.
- b) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- c) Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- d) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- e) Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, sexan exhibibles, de se tratar de persoas estranxeiras.
- f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a persoas ou bens con unha suma asegurada de alomenos 150.000 €.

O concello poderá esixir ao titular dos posto, alomenos dúas veces o ano acreditación de estar o corrente nas cotizacións sociais e demais obrigas tributarias.

#### **Artigo 14.- Da licenza municipal.**

1. - As licencias de ocupación de vía pública nos días sinalados serán expedidas polo concello, sendo da súa competencia única e exclusiva o outorgamento das mesmas.
2. - As licenzas serán individuais e intransferibles, podendo actuar no seu nome o seu conxuxe ou parella de feito, descendentes maiores de 16 anos, ascendentes ou persoas vinculadas mediante contratación laboral (ata un máximo de dous autorizados por licenza concedida).
- 3.- A cada titular seralle concedido unha única licenza e un so posto de venda
- 4.- As solicitudes que cumpran os requisitos e non poidan ser concedidas por falta de espazo pasarán a formar parte dunha lista de agarda ordenada por antigüedades das solicitudes
5. As licenzas concederanse por unha duración inicial dun ano sendo prorrogables anualmente coa acreditación do cumprimento e vixencia das condicións esixibles.

#### **Artigo: 15.- Suxeitos.**

Poderán optar á concesión das licenzas que se regulan no presente Regulamento:  
1.- Toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique á actividade do comercio ao por menor, e reúna os requisitos establecidos no presente regulamento e demais normativa que lle fose de aplicación.

En cada autorización municipal para o exercicio da venda ambulante e previa solicitude, poderase habilitar, ademais do seu titular, o cónxuxe deste ou parella de feito, aos seus ascendentes, descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a él mediante contrato laboral (ata un máximo de dous autorizados por licenza concedida).

2. -As persoas físicas nacionais ou estranxeiras, maiores de idade, e que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, con arranxo a lexislación mercantil e de conformidade co establecido na Lei 13/2010, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia e as prescricións deste Regulamento, que obterán unha licenza o que dará dereito a un posto.

#### **Artigo 16.- Solicitude e documentación a presentar**

A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada polo interesado, ou representante legal, mediante instancia presentada no rexistro xeral do Concello, facendo constar os datos seguintes:



- a) Nome e apelidos, enderezo, número do documento nacional de identidade, tarxeta de residencia, pasaporte (no caso de extranxeiros non comunitarios), documentación esixible dacordo coa normativa vixente e , no seu caso, teléfono ou enderezo electrónico de contacto.
- b) Tipo de mercadorías que vaian porse a venda.
- c) O prazo de tempo polo que se solicita será de un ano, sempre e cando non se incumpra algún apartado do presente Regulamento.
- d) Metros lineais de ocupación.
- e) Fotocopia do Documento de identidade ou pasaporte.
- f) Dúas fotografías tamaño carné, unha delas unirase á tarxeta municipal de venda ambulante, que será facilitada polo Concello, a cal deberá estar sempre en lugar visible na parte frontal do posto e durante toda a xornada de venda.
- g) Acreditar estar dado de alta no epígrafe correspondente do IAE.
- h) Xustificante de estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- i) Declaración de estar ao corrente no pagamento dos tributos municipais e acreditar de non ter débedas co Concello.
- j) Carné de manipulador de alimentos de ser necesario
- k) Copia do documento acreditativo de estar dado de alta no no Rexistro de Vendedores Ambulantes da Xunta de Galicia.
- l) Reunir tódolos requisitos esixidos pola normativa reguladora da venda ambulante e coñecer as normas ás que axustarse e o seu compromiso de observalas, e de non encontrarse incurso en ningún caso de incapacidade ou de incompatibilidade, establecidas pola lei para o exercicio do comercio.
- m) De tratarse de persoas xurídicas , haberán de presentar copia compulsada das escrituras constitutivas das mesmas, e xustificante de estar debidamente inscritas nos correspondentes rexistros
- n) Terán a obriga de ter concertado unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos, que podesen causar as persoas ou bens con unha suma asegurada de alomenos 150.000 €.

**Artigo: 17.-Réxime económico.**

O titulares de licenza municipal para a ocupación da vía pública coa colocación de posto no mercado abonarán por cada día de celebración do mercado a taxa determinada na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de vía pública con postos de venda ambulante no mercado municipal do concello.

**Artigo: 18.- Requisitos dos postos de venda.**

Para o exercicio do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontables ou transportables.

Os vendedores están obrigados a manter limpo e nas debidas condicións, durante toda a celebración do mercado o espazo que lles fora asignado. Os refugallos e embalaxes, debidamente atados serán depositados nos colectores correspondentes.

**Artigo 23 . Obrigacións do comerciante**

- 1.- O titular do posto deberá colocar nun lugar visible a tarxeta identificativa.
- 2.- Responderá da calidade e seguridade dos produtos que venda e responsabilizárase dos riscos a saúde nos consumidores e usuarios.
- 3.- No desenvolvemento da súa actividade os vendedores deberán observar o disposto na normativa vixente.
- 4.- Os postos que expidan artigos no que sexa necesario o peso ou medida, deberán dispor dunha báscula ou metro regulamentario.
- 5.- Atenderá os requerimentos do persoal municipal ou autoridades competentes.
- 6.- Instalarse nos espazos que se lle asignen polo Concello.
- 7.- Cumplir con toda-las disposicións que emanen deste Regulamento.
- 8.- Comunicar ao Concello o cambio de enderezo para deste xeito facilitar a comunicación das incidencias relacionadas co do mercado.
- 9.- Deixar o espazo do posto limpo e co lixo recollido.

10.- A efectos do cobro da tasa so se admitirá a xustificación de dúas faltas de asistencia o mercado por mes

#### **Artigo 24.-Dereitos do Comerciante**

- 1.- A ocupar os postos de venda que ten autorizados
- 2.- A exercer pública e pacificamente, no horario e coas condicións establecidas, a actividade de venda autorizada.
- 3.- No caso de supresión do posto de mercado, o/a titular terá dereito preferente no novo emprazamento e a solicitar a ampliación da superficie asignada sempre que sexa posible na nova ubicación.
- 4.- Presentar as reclamacións e suxestións que considere oportunas na defensa dos seus dereitos e intereses .
- 5.- A ser substituídos na titularidade dos posto previa autorización do Concello e cumprindo os requisitos deste regulamento.
- 6.- Dereito a promover e constituir asociacións que os representen.

#### **Artigo 25.-Obrigas do adxudicatario no caso de xestión indirecta do mercado**

##### **1) Limpeza do espazo adicado o mercado.**

Será por conta do adxudicatario a recollida de lixo e limpeza, deixando o espacio público dedicado o mercado libre de obstáculos limpo e en condicións de uso público por vehículos e viandantes.

Correspondera o Concello supervisión e establecemento das condicións de limpeza do espazo dedicado o mercado que serán de obrigado cumprimento polo adxudicatario

##### **2) Información a facilitar ó concello polo concesionario:**

Comunicación mensual ó Concello da relación de postos de venda ambulante detallando o titular, tipo de produtos, dimensións, e faltas de asistencia ó posto.

As variacións que se produzan a partir da primeira comunicación e que teñan lugar durante o mes farase a comunicación ó concello nos 15 primeiros días do mes seguinte.

A información facilitada ó concello incluírá os datos identificativos do vendedor con xustificación da licenza municipal en vigor.

**Anualmente e dentro dos primeiros 15 días do mes de xaneiro de cada ano o concesionario presentará no Concello a conta de resultados da xestión do mercado incluíndo ingresos e relación de gastos xustificadas documentalmente. No caso de gastos sin a axeitada xustificación fará o concello a súa valoración motivada que sera vinculante para o adxudicatario a efectos de aplicación do prego de cláusulas aplicable o contrato.**

### **CAPITULO IV**

#### *Réxime disciplinario*

**Artigo: 26.** O incumprimento destas normas dará orixe a incoación do correspondente procedemento sancionador, clasificándose as faltas en leves, graves e moi graves:

##### **FALTAS LEVES:**

- a) O incumprimento do horario.
- b) Falta de limpeza no posto e no espacio do mercado.
- c) Non mostrar a requerimento da autoridade competente as autorizacións pertinentes.
- d) O uso de altofalantes ou outros medios acústicos sen autorización.
- e) Colocación de mercadorias fora do espazo asignado.
- f) Producir ruídos ou música que incumpran a Ordenanza de ruídos e vibracións.

##### **FALTAS GRAVES:**

- a) A reincidencia ou reiteración en tres ou máis faltas leves. Considérase que existe reiteración cando os feitos antes descritos prodúcense durante dous mercados

sucesivos ou tres alternativamente

- b) A venda de produtos distintos aos autorizados.
- c) A venda de produtos en condicións deficientes ou deteriorados.
- d) A instalación do posto en lugar non autorizado.
- e) Ter sido sancionado por incumprimento da normativa relativa ao exercicio da actividade por outra Administración.
- f) Falta da envoltura regulamentaria nos artigos alimenticios á venda.
- g) Falta de aseo, limpeza e hixiene en vendedores, postos e ferramentas, e a non limpeza do lugar unha vez finalizada a actividade e do mercado; falta de medidas de hixiene e seguridade durante a celebración do mercado polo adxudicatario da xestión do mercado.
- h) Non acreditar mediante factura a procedencia das mercadorias de ser requeridos.
- i) Provocar alteracións de orde público, ou instar a terceiras persoas con ese mesmo fin.
- j) O acceso ou estacionamento de vehículos dos vendedores nas zonas destinadas ao mercado, fora dos horarios establecidos ou permitidos.
- k) Non pagar as taxas correspondentes ou o canon establecido polo concello.
- l) A non comunicación ao Concello do cambio de domicilio, ou de modificacións que se leven a cabo polo adxudicatario da xestión do mercado sin comunicación nin autorización do Concello.
- m) Non acreditar polos vendedores ou adxudicatario da concesión do mercado as cotizacións ao Réxime da Seguridade Social correspondente cando o Concello o demande.
- n) Non ter recollido o posto ó remate do tempo de duración do mercado e non deixar o espazo do mercado limpo e libre de lixo.

**FALTAS MOI GRAVES:**

- a) A reincidencia ou reiteración en tres ou máis faltas graves.
- b) O desacato aos axentes da autoridade e persoal municipal.
- c) A vulneración de dereitos fundamentais de vendedores ou usuarios do mercado.
- d) A discriminación ou trato non igualitario na distribución de postos no mercado.
- e) Infraccións en materia sanitaria e de consumo.
- f) O exercizo da venda ambulante sen autorización.
- g) O exercizo da actividade por persoa distinta do titular ou persoa autorizada.
- h) Incumplimento polo concesionario da obriga da comunicación mensual ó Concello da relación de postos de venda ambulante
- i) Non presentación no Concello polo concesionario do mercado a conta de resultados da xestión do mercado incluíndo ingresos e relación de gastos xustificadas documentalmente.
- j) Non colocar no posto en sitio visible para o público a tarxeta identificativa de venda ambulante do Concello de Barro.

**Artigo: 27.- As sancións a aplicar serán as seguintes:**

- 1) Por faltas leves:
  - Multa ata 750 euros
- 2) Por faltas graves:
  - Multa de 751 a 1.500 euros.
- 3) Por faltas moi graves:
  - a) Multa de 1501 a 3.000 euros
  - b) revogación da autorización sen indemnización.

Cando a autorización sexa revogada a consecuencia de infraccións moi graves, o seu titular non poderá obter autorización ningunha durante o prazo de dous anos para o exercizo da actividade no concello, sen dereito a reserva do posto.

**Artigo 28** - Na iniciación de actuacións que poidan dar lugar á incoación de calquera procedemento sancionador por falta grave ou moi grave poderá levar aparelado, como medida preventiva, a retención das mercadorías polos vixiantes encargados da venda ambulante, ou autoridade competente, cando se realizase a venda ambulante sen autorización, existisen sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde ou integridade física dos consumidores ou compradores, de xeito independente ao inicio do expediente sancionador.

*Da actuación municipal e inspección.*

**Artigo 29.-** Da actuación municipal

O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección en todos aqueles postos situados no mercado, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

**Artigo 30.- Inspección municipal.**

Os servizos municipais correspondentes velarán polo mantemento da orde pública e o cumprimento polos usuarios destas normas, e das que se dicten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente.

Os/as vendedores/as estarán obrigados/as a facilitar a inspección das instalacións, subministrar toda clase de información, tanto verbal como documental sobre as mesmas, así como no relativo a produtos e servizos e, en xeral, a colaborar en cantas actuacións sexán precisas.

*Procedemento sancionador.*

**Artigo 31.- Procedemento sancionador.**

O procedemento sancionador iníciase coa denuncia dos vixiantes encargados da venda ambulante, policía, axentes de consumo, ou calquera persoa física ou xurídica, ou de oficio.

As infraccións e sancións previstas neste regulamento prescribíranse, se son leves aos seis meses, se son graves ao ano e se son moi graves aos dous anos.

O prazo de prescripción das infraccións computarase desde o día en que se cometeron.

A prescripción comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que adquire firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

En todo caso o procedemento sancionador suxeitarase á tramitación prevista nas normas que regulan o exercicio da potestade sancionadora no ámbito local.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

No caso de retirada, intervención de instalacións, elementos e xéneros, procederase ao depósito dos mesmos no lugar que se determine.

Os produtos intervidos de natureza perecedeira serán donados a un comedor social, e os produtos non perecedeiros serán depositados nas instalacións que o concello habilite a disposición dos interesados polo prazo de 48 horas.

Transcorrido o prazo establecido no parágrafo anterior dende a súa intervención, sen comparecer o titular para facerse cargo dos mesmos entenderase que desiste no seu interés e titularidade, podéndose proceder a súa destrución ou donación a persoas necesitadas ou entidades solidarias, sen posibilidade de reclamación ou indemnización algunha.

Previamente á retirada das mercadorías haberá de aboarse, no seu caso, os gastos de retirada e custodia

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**

Para o non previsto no presente regulamento será de aplicación a lexislación sobre comercio e venda ambulante, lexislación sectorial específica e a lexislación sobre Rexime Local.

Corresponderá a interpretación a aclaración da aplicación do regulamento ó Concello prevéndose o tramite de audiencia no caso de particulares que se poidan ver afectados.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

Este regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e trascurra o prazo previsto no art.65.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local permanecendo en vigor ata a súa derogación expresa.”

**Cuarto.-** Publicación do texto do Regulamento no B.O.P

A sesión rematou ó fio das vinte horas vinte minutos. Dou fe.